

Acta núm. 15/2019.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 25 de xuño de 2019.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebra Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 25 de xuño de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E ACEPTACIÓN DE COMPETENCIAS DELEGADAS POLA ALCALDÍA.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 4º) LICENZAS DE SEGREGACIÓN.
- 5º) ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

1º) CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E ACEPTACIÓN DE COMPETENCIAS DELEGADAS POLA ALCALDÍA.

Dada conta do decreto da alcaldía do 20.06.2019, que transcrito di:

Visto que o 15 de xuño de 2019 se constituíu a corporación municipal do Concello de Brión.

Considerando que, de conformidade co disposto nos artigos 20.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante LBRL) e 59.2.b. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, neste Concello debe existir por imperativo legal unha Xunta de Goberno Local por ter unha poboación de dereito superior a cinco mil habitantes.

Considerando o establecido no art. 23 da LBRL e nos artigos 43, 46, e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), ao abeiro das competencias desta alcaldía, resolvo:

- 1º) Designar como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:
 - Pablo Lago Sanmartín.
 - Carlos Noya Pereira.
 - María Rosa Romero Fariña.
 - Sandy Marie Cebra Gómez.
- 2º) Nomear tenentes de alcalde do Concello de Brión a:
 - Primeiro: Pablo Lago Sanmartín.

- Segundo: Carlos Noya Pereira.
- Terceiro: Sandy Marie Cebral Gómez.
- Cuarto: María Rosa Romero Fariña.

Os tenentes de alcalde, pola orde do seu nomeamento, substituirán ao alcalde na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade, vacante ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas funcións, de conformidade co previsto nos artigos 46, 47 e 48 do ROF.

3º) A Xunta de Goberno Local constituirase nos dez días seguintes á data desta resolución e celebrará as súas sesións ordinarias todos os martes, a contar desde a data da súa constitución, ás 14:00 horas, agás que por causas xustificadas se adiantase ou atrasase a hora pola alcaldía. No caso de coincidir en festivo trasladarase ao día inmediato hábil posterior.

4º) Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias da alcaldía:

- O outorgamento das licenzas e comunicacións previas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- A aprobación das liquidacións tributarias devengadas pola tramitación de licenzas e comunicacións previas.

Darase conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na súa sesión constitutiva para os efectos da aceptación das competencias delegadas.

5º) Notificar esta resolución aos concelleiros designados, publicala no BOP da Coruña e dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

Téndose por constituída a Xunta de Goberno Local do Concello, acorda por unanimidade aceptar as competencias delegadas pola alcaldía,

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FLORA RODRIGUEZ VILAS, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda en Sabaxáns - Bastavales, substituindo a tella existente por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano adscrito a viais principais, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 51,70 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 116,27 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MILAGROS SUAREZ MARTINEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Saime nº 10 – Bastavales, substituindo a tella existente por tella nova, colocando canos e baixantes, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (5026413NH2452N0001LZ) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Saime, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como XBE3, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 89,01 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 153,58 euros.

3º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Celestina López Morte, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A, na que solicita licenza para construír unha acometida de gas natural directa soterrada de 8 m. sobre a canalización existente, para dar subministro a unha vivenda en construción que conta con licenza de obra outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 05.12.2017, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial José Luis Sousa López, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, visado nº 20191163, do 09/05/2019.

A parcela onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 356,40 €, que deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,28 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 75,85 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de MARÍA TERESA OREIRO GARCÍA, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Chave de Ponte 48, Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 22.05.2019.

A parcela onde se pretenden executar as obras (denominada Viña 2- Viña 1B, resultante da segregación concedida pola Xunta de Goberno de data 09/04/2019) está situada en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 22.05.2019.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión, correspondente co situado diante da parcela neta, xa aceptado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/09/2018 coa licenza de segregación concedida, que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes no núcleo (abastecemento, pluviais e alumeado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Non se pode conectar á rede de saneamento, dada a inexistencia desta nas proximidades da parcela, polo que se proxecta a instalación dunha fosa séptica co compromiso de conexión cando se implante o servizo, segundo artigo 24.5 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.332,20 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.428,23 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Luis Beiroa Otero, que di actuar en representación de TALLERES SAFESTOP S.L, na que comunica que vai cambiar o uso e acondicionar unha nave para taller de reparación de vehículos en Avda. dos Ánxeles nº25 - Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola e industrial Pablo Xosé Pouso Iglesias, visado no Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos industriais o 21/05/2019.

A edificación atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano adscrito a viais principais, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado polo enxeñeiro técnico agrícola e industrial Pablo Xosé Pouso Iglesias, visado no Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos industriais o 21/05/2019.

- Como garantía da urbanización pendente que implica a pavimentación do espazo fora da aliñación oficial e a conexión ás redes de servizo, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras de acondicionamento do local para taller de reparación de vehículos, con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar a oportuna comunicación previa de actividade, de acordo co establecido ao respecto pola Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e nos artigos 12.2 e 13 do Decreto 144/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, acompañando a seguinte documentación:

- Certificado final de obra asinado polo director da obra visado.
- Certificado referente ao cumprimento das condicións acústicas conforme á lexislación sectorial aplicable.
- Informe favorable das conexións ás redes de abastecemento e saneamento emitido pola empresa concesionaria.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 220,60 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 186,75 euros.

Total: 407,35 euros.

d) Deuse conta dunha instancia asinada por Angel Canabal Chamosa, que di actuar en representación de ALADINO RAMÓN FERNÁNDEZ VÁZQUEZ e ROSA MARÍA TANOIRA CONDE, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Bemil 43, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Angel Canabal Chamosa, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.03.2019 e documentación complementaria visada o 29.05.2019 e 10.06.2019 (expte nº 1901404).

A parcela onde se pretenden executar as obras (procedente da segregación outorgada pola Xunta de Goberno local o 20/11/2018, das parcelas 760-1 e 760-2 de concentración parcelaria de Bastavales) está situada en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Angel Canabal Chamosa, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.03.2019 e documentación complementaria visada o 29.05.2019 e 10.06.2019 (expte nº 1901404).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, pluviais e alumado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Consonte co informe da arquitecta municipal acéptase a cesión efectuada de 26,00 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previsto no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 19 de xuño de 2019.

3º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.921,06 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 149,61 euros.

Total: 2.070,67 euros.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de MARTA GÓMEZ SÁNCHEZ, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Chave de Ponte 49, Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.06.2019 (expte 1903151).

A parcela onde se pretenden executar as obras (denominada Viña 1A, resultante da segregación concedida pola Xunta de Goberno de data 09/04/2019) está situada en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.06.2019 (expte 1903151).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión, correspondente co situado diante da parcela neta, xa aceptado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/09/2018 coa licenza de segregación concedida, que implica a pavimentación dese

espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, pluviais e alumeado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Non se pode conectar á rede de saneamento, dada a inexistencia desta nas proximidades da parcela, polo que se proxecta a instalación dunha fosa séptica co compromiso de conexión cando se implante o servizo, segundo artigo 24.5 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.489,43 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,84 euros.

Total: 2.586,27 euros.

4º) LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Margarita Sánchez Vázquez, que di actuar en representación de FILOMENA FREIRE VÁZQUEZ, na que solicita licenza de segregación dunha parcela no lugar de Outeiro – Os Ánxeles, segundo proxecto técnico asinado pola enxeñeira técnico agrícola Cristina Sánchez Vázquez e

visado con data 26.03.2019 (expte. nº 20190181).

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 8042706NH2484S0001GY

Superficie: 3.164,57 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1).

Lindes:

Norte: finca excluída de Rosalía Abelleira, Consuelo Portas García, agora Román Riveiro Cerqueiro (1108) e finca excluída de Filomena Freire Vázquez.

Sur: camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Leste: finca excluída de Rosalía Abelleira, Consuelo Portas García, agora Román Riveiro Cerqueiro (1108), finca excluída de Filomena Freire Vázquez e camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Oeste: Consuelo Portas García, agora Carmen Riveiro Cerqueiro (1.110).

Segregación pretendida:

Parcela A:

Superficie bruta: 737,80m²

Superficie de cesión: 19,20m² (a 4,00 metros do eixo do camiño).

Superficie neta: 718,60m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: finca excluída de Rosalía Abelleira.

Sur: camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Leste: finca excluída de Rosalía Abelleira e parcela B.

Oeste: Carmen Riveiro Cerqueiro (1.110).

Parcela B:

Superficie bruta: 659,77m²

Superficie de cesión: 18,05m² (a 4,00 metros do eixo do camiño).

Superficie neta: 641,72m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: finca excluída de Filomena Freire Vázquez.

Sur: camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Leste: Román Riveiro Cerqueiro (1108) e resto da finca matriz.

Oeste: parcela A.

Resto finca matriz:

Superficie bruta: 1.767,00m²

Superficie de cesión: 89,73m² (a 4,00 metros do eixo do camiño).

Superficie neta: 1.677,27m²

Clasificación urbanística: solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: Román Riveiro Cerqueiro (1108) e finca excluída de Filomena Freire Vázquez.

Sur: camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Leste: finca excluída de Filomena Freire Vázquez e camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Oeste: Parcela B.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 19,20 m², 18,05m² e 89,73m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por FELIX MATEO LATA, na que solicita licenza de segregación dunha parcela no lugar de Coruxido – Bastavales, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas o 29.05.2019 e documentación modificada visada o 17.06.2019 (expte nº CO-20190308).

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 7505118NH2470N0001OK

Superficie: 4.214,24 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

Lindes:

Norte: María Rivas Martínez (928).

Sur: camiño.

Leste: Palmira Bermúdez Vázquez (936).

Oeste: Josefina Mateo Tato e outros (929) e Servizo de Concentración Parcelaria.

Segregación pretendida:

PARCELA A:

Superficie bruta: 2.100,95 m².

Superficie de cesión: 104,10m² (a 5,50m do eixo do camiño)

Superficie neta: 1.996,85 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: María Rivas Martínez (928).

Sur: camiño.

Leste: Parcela B descrita a continuación.

Oeste: Josefina Mateo Tato e outros (929).

Parcela B:

Superficie bruta: 1.051,13 m².

Superficie de cesión: 54,48 m² (a 5,50m do eixo do camiño)

Superficie neta: 996,65 m².

Clasificación urbanística: solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: María Rivas Martínez (928).

Sur: camiño.

Leste: Parcela C descrita a continuación.

Oeste: Parcela A descrita anteriormente.

PARCELA C:

Superficie bruta: 1.062,18 m².

Superficie de cesión: 52,14 m² (a 5,50m do eixo do camiño)

Superficie neta: 1.010,04 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: María Rivas Martínez (928).

Sur: camiño.

Leste: Palmira Bermúdez Vázquez (936).

Oeste: Parcela B descrita anteriormente.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 104,10m², 54,48m² e 52,14m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros.

5º) ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dada conta da proposta da alcaldía do 24.06.2019, que transcrita di:

Dada conta do expediente tramitado para a contratación do servizo: Servizo de axuda no fogar do Concello de Brión, licitado por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, mediante a publicación de anuncio no perfil de contratante do Concello, aloxado na plataforma de contratación do sector público, con data 17.04.2019, téndose presentado dúas empresas.

Considerando que pola Mesa de Contratación con data 13.05.2019, procedeuse á apertura do arquivo electrónico A subtítulo Documentación, acordando a Mesa por unanimidade:

1º) Aceptar á empresa **SERVIZOS SOCIAIS ULLA SAR SL**.

2º) Rexeitar á empresa **SON A TUA AXUDA**, polos seguintes motivos que se consideran non emendables pola transcendencia dos mesmos:

- Non presenta a declaración responsable axustada ao modelo do formulario do documento europeo único de contratación esixido nos pregos.

- Non presenta o compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para elo, esixido nos pregos.

- O documento que presenta non está asinado.

- O documento sen asinar que presenta non se axusta nos seus compromisos ao clausulado establecido nos pregos.

Considerando que pola Mesa de Contratación con data 03.06.2019 deuse conta en primeiro lugar das puntuacións outorgadas polo Comité de Expertos ao contido do sobre B, da empresa admitida **SERVIZOS SOCIAIS ULLA SAR SL**, que son as seguintes:

- Equipamento necesario para o desenvolvemento do servizo (axudas técnicas): camas articuladas, guindastres, alzadores de inodoros, cadeiras de baño, táboas de ducha, agarres para ducha e outros elementos (ata 15 ptos)	12 ptos.
- Coñecemento e adecuación á realidade social do Concello de Brión (ata 7 ptos)	4 ptos.
- Organización e planificación do equipo de traballo; Dotación e capacitación do personal asignado ao servizo (ata 7 ptos)	7 ptos.
- Protocolo da prestación do servizo; procedemento e frecuencias de supervisión do personal e dos contidos do traballo desenvolvido (ata 6 ptos)	5 ptos.
- Mecanismos de comunicación e coordinación co concello, de maneira que se poda ter, en todo momento, un coñecemento certo dos servizos realizados e de calquera tipo de incidente (ata 5 ptos)	5 ptos.
Soportes documentais a empregar (ata 5 ptos)	5 ptos.
- Memoria descriptiva das medidas para asegurar a confidencialidade e integridade dos datos persoais que manexa con ocasión da prestación do servizo (ata 3 ptos)	0 ptos.
Protocolos e instrumentos para o control e a xestión da calidade (ata 3 ptos)	3 ptos.
PUNTUACIÓN TOTAL OUTORGADA	41 ptos.

A continuación procedeuse ao acto público de apertura do sobre C, cuxo anuncio foi publicado no perfil de contratante con data 29.05.2019.

Realizada a apertura do sobre C da empresa SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR SL dáse o seguinte resultado: Ofrece un prezo base da hora, sen IVE, tanto para dependencia como para libre concorrencia de: 14,18 euros/hora.

A Mesa de Contratación por unanimidade acorda:

1º) Outorgarlle 49 puntos de conformidade co previsto nos pregos de cláusulas administrativas particulares, obtendo en consecuencia a empresa unha puntuación total de 90 puntos, en aplicación dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor e de forma automática.

2º) Propoñer a adxudicación do contrato á empresa SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR SL, polo prezo de: 14,18 euros/hora, sen IVE, tanto para dependencia como para libre concorrencia, sendo o prezo de adxudicación igual a:

- Libre concorrencia: 14,18 euros/hora, máis o IVE do 10%, igual a 1,42 euros, o que fai un total de: 15,60 euros/hora, IVE incluído, por 3.000 horas (dous anos): 46.800,00 euros, IVE incluído..

- Dependencia: 14,18 euros/hora, máis o IVE do 4%, igual a 0,57 euros, o que fai un total de: 14,75 euros/hora, IVE incluído, por 39.600 horas (dous anos): 584.100,00 euros, IVE incluído, por considerar que resulta unha oferta conveniente para o Concello en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos.

3º) Requirir á empresa SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR SL para que presente dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, por medios electrónicos e con sinatura electrónica, a documentación especificada na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares, debendo presentar igualmente na tesourería municipal a garantía definitiva polo

importe do 5% do presuposto de adxudicación do contrato, excluído o IVE, durante os dous anos (24 meses) de duración do contrato, polo importe de: 30.203,40 euros, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Consonte co prego de cláusulas administrativas foi requirido o licitador proposto para a presentación da documentación establecida na cláusula 18 do prego, tendo presentada a documentación dentro de prazo.

Vistos os informes de secretaría e intervención, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º) Adxudicar á empresa SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR SL, CIF: B70091749, a execución do contrato de servizos de: Servizo de axuda no fogar do Concello de Brión, por un prazo de dous (2) anos, coas prestacións ofertadas polo adxudicatario no proxecto técnico de organización do servizo, e polo prezo de: 14,18 euros/hora, sen IVE, tanto para dependencia como para libre concorrència, sendo o prezo de adxudicación igual a:

- Libre concorrència: 14,18 euros/hora, máis o IVE do 10%, igual a 1,42 euros, o que fai un total de: 15,60 euros/hora, IVE incluído, por 3.000 horas (dous anos): 46.800,00 euros, IVE incluído.

- Dependencia: 14,18 euros/hora, máis o IVE do 4%, igual a 0,57 euros, o que fai un total de: 14,75 euros/hora, IVE incluído, por 39.600 horas (dous anos): 584.100,00 euros, IVE incluído, por considerar que resulta unha oferta conveniente para o Concello en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos.

2º) Aprobar o gasto desta anualidade con cargo á aplicación: 231.22714 do orzamento de 2019, adoptando o compromiso firme de consignar nos seguintes orzamentos o crédito necesario para facer fronte ao gasto derivado desta contratación.

3º) Nomear responsable do contrato á traballadora social María Victoria Varela Rodríguez, que exercerá as funcións previstas na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato.

4º) Dar conta desta resolución a intervención para o seu coñecemento e efectos.

5º) Notificar este acordo aos licitadores e publicar no perfil de contratante a adxudicación.

6º) Notificar este acordo ao adxudicatario para a formalización do contrato, no prazo de 15 días hábiles seguintes a aquel no que reciba a notificación da adxudicación e logo da súa formalización facela pública mediante anuncio no perfil de contratante ao abeiro do disposto no art. 63 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

O alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González